



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL EN PLENO:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Desde a asunción por parte do Concello da titularidade e a xestión do aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña, construído logo dun longo proceso no anterior mandato e financiado pola Xunta de Galicia, o Grupo Municipal Popular vén advertindo da necesidade de controlar e regular esta superficie para garantir a súa función de contribuír a facilitar o acceso ao centro urbano e reducir o tránsito de vehículos nas rúas dos vehículos procedentes dos arredores.

A pesar destas advertencias, o grupo de Goberno local mantivo o acceso libre, sen ningún tipo de limitación nin control, desde o día 20 de xaneiro de 2016, xustificando a súa decisión na conveniencia de comprobar durante unhas semanas o comportamento da instalación. E iso, a pesar de que o alcalde anunciara antes da súa apertura que se ía estudar un sistema de xestión –que lle sería encargado á empresa municipal Tussa- para asegurar a rotación.

Cando transcorreran apenas dous meses do seu funcionamento, a realidade veu a demostrar que as advertencias do noso grupo eran totalmente fundadas, comprobándose que moitos vehículos pasaban varios días no aparcadoiro sen moverse.

No Pleno do mes de marzo, por iniciativa do Partido Popular, acordouse por unanimidade instalar en Pontepedriña “á maior brevidade posible” un sistema de control para evitar a estancias permanente de vehículos. Pouco despois, nese mesmo mes de marzo, o concelleiro responsable anunciaba a intención do Goberno de instaurar o cobro dunha tarifa “simbólica” que permitira a rotación nas 210 prazas coas que conta esta aparcadoiro.


A pesar de que transcorreron 5 meses desde o acordo unánime e de que o propio Goberno anunciara súa decisión de cambiar o modelo, introducindo un pagamento diario, nada ten mudado nesta instalación que a día de hoxe continúa sen regulación de ningún tipo, cunha escasa oferta de prazas diarias por causa da cantidade de vehículos que permanecen inmóbiles.



En consecuencia, o Grupo Popular formula a seguinte pregunta:

Que pasos ten dado o Goberno municipal nos últimos 5 meses para implantar o novo sistema de control no aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña e cando prevé que poida entrar en servizo ese sistema para garantir a rotación de vehículos?

Santiago de Compostela, a 6 de setembro de 2016.



Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal Popular